



## DECRETO

### **ASUNTO: BASES PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE SEMANA DAS ACTIVIDADES ARTÍSTICAS NAS NEVES. XULLO DO 2024.**

Dentro das actividades programadas polos Servizos Sociais Comunitarios do concello de As Neves para o 2024 atópase a realización da actividade SEMANA DAS ACTIVIDADES ARTÍSTICAS NAS NEVES para as cativas e os cativos do noso Concello.

No marco da política de igualdade de xénero e conciliación da vida laboral e familiar é unha necesidade organizar actividades desta natureza que faciliten a incorporación da muller ao mundo laboral e ao mesmo tempo asegurar que no verán os nenos e nenas ocupen o seu tempo libre de xeito proveitoso. Por outra banda, o Concello ten a responsabilidade de promover o coñecemento e coidado dun entorno natural do que podemos estar tan orgullosas e orgullosos.

Por isto propónse un recurso educativo que permite aos nenos e nenas, a través de actividades lúdicas promover as diferentes expresións artísticas, o pensamento e as actitudes nun proceso de ensinanza-aprendizaxe. Asemade, permite aos nenos e nenas a posibilidade de realizar actividades de tempo libre no seu concello e compatibilizar os horarios familiares, máis complexos nas vacacións escolares dos/as máis pequenos/as.

O obxecto da presente resolución é proceder a ofertar o citado programa e establecer os criterios para a súa selección.

Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, DISPOÑO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a convocatoria da actividade *SEMANA DAS ACTIVIDADES ARTÍSTICAS NAS NEVES*.

**SEGUNDO.-** Aprobar as condicións de participación e as bases de selección dos e das participantes na actividade *SEMANA DAS ACTIVIDADES ARTÍSTICAS NAS NEVES*

**TERCEIRO.-** Aprobar o Anexo I no que se recolle o modelo oficial de solicitude de participación na actividade *SEMANA DAS ACTIVIDADES ARTÍSTICAS NAS NEVES*.



Praza da Cristiandade, 1  
36440 – AS NEVES  
+34 986 648 038  
[www.asneves.gal](http://www.asneves.gal)



Concello  
**As Neves**

**CUARTO.-** Ordenar a publicación da convocatoria no taboleiro de Editos Municipais da Sede Electrónica e na páxina web do Concello de As Neves .

Mando e asino, en As Neves, na data que figura na marxe.

O ALCALDE-PRESIDENTE  
Asdo. José Manuel Alfonso González

A SECRETARIA  
Asdo. María Ester Táboas

(Documento asinado electronicamente)





## **BASES: SEMANA DAS ACTIVIDADES ARTÍSTICAS NAS NEVES**

### **1. PRESENTACIÓN**

Este proxecto pretende que as familias poidan conciliar a vida laboral e familiar, xa que durante os períodos de vacacións escolares, as familias teñen a necesidade de poder deixar as/os súas/seus fillas/os ben atendidos. Esta necesidade é maior sobre todo no caso das familias monoparentais e nas que traballan os dous proxenitores ou titores legais das e dos nenos, que se ven na necesidade de solicitar servizos de coidados a terceiros. Desta forma, esta oferta vai dirixida a escolares de entre 3 e 12 anos, coa finalidade de que gocen do seu tempo libre dunha forma lúdica e educativa diferente á habitual. Isto lograrase coa realización de actividades que resulten de interese para as nenas e os nenos. Estas actividades realizaranse sempre promovendo os valores da solidariedade, o compañeirismo, o respecto polo medio ambiente e a igualdade de xénero. Para lograr iso faremos actividades nas que teñan que traballar en equipo, porase en valor o medio ambiente como o lugar no que vivimos aprendendo que todo o que a natureza nos ofrece é importante para nós directa ou indirectamente. Gozarán de proxeccións e contacontos que defendan a igualdade, etc.

### **2. FINALIDADE E CARACTERÍSTICAS DA ACTIVIDADE**

Crear un clima que fomente as relacións interpersoais dos participantes das actividades.  
Favorecer a autoestima e a valoración das diferenzas entre os participantes.  
Potenciar a participación de todos os participantes nas actividades, mediante a creación dun clima de confianza .  
Potenciar a creatividade.  
Fomentar a cooperación e colaboración entre os participantes.

Nestas actividades traballaremos os valores da solidariedade, o compañeirismo, o respecto polo medio ambiente, a igualdade e a xustiza social.olidario e promover relacións sociais positivas.





#### **4. PERSOAS DESTINATARIAS**

Os participantes serán nenas e nenos de 3 anos (cumpridos) a 12 anos. Os participantes estarán a cargo, en todo momento, de monitoras e monitores titulados promovendo a participación e desenvolvemento das actividades.

Terán prioridade, pola seguinte orde:

1. Familias monoparentais ou numerosas.
2. Vítimas de violencia de xénero e doutras violencias contra a muller.
3. Mulleres en situación de desemprego de longa duración.
4. Mulleres maiores de 45 anos.
5. Unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados.
6. Persoas empadroadas no Concello de As Neves.
7. Persoas que xustifiquen a necesidade por motivos laborais.
8. Familias con informe xustificativo dos Servizos Sociais de As Neves.

No caso de darse a mesma puntuación entre dúas solicitudes, a praza adjudicarase por rigoroso orden de inscrición.

#### **5. LUGAR DE REALIZACIÓN**

Realizarase en diversas instalacións municipais do Concello de As Neves. **6.**

#### **PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN**

##### **6.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA**

Para o proceso de selección de participantes procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no Taboleiro de Editos Municipais da Sede Electrónica, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios si se considera oportuno.





## 6.2.- INSCRICIÓN

**6.2.1.-DOCUMENTACIÓN.** As familias interesadas deberán presentar nos Servizos Sociais do concello, persoalmente ou por medio da sede electrónica do concello, a solicitud de inscrición (Anexo I) cuberta xunto coa seguinte documentación:

- DNI do pai/nai/titor/a
- DNI da/o menor ou libro de familia
- Tarxeta Sanitaria da/o menor
- Título de familia numerosa ou certificado de recoñecemento da condición de familia monoparental, cando sexa de aplicación.

### 6.2.2.- PRAZO DE SOLICITUDE E RESERVA DE PRAZA: .

Dende o día seguinte da publicación deste decreto ata o 21 de xuño de 2024

O prazo de presentación de solicitudes poderá ampliarse en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación.

### 6.2.3.- CRITERIOS DE SELECCIÓN.

Por rigoroso orden de entrada.

**6.2.4.- RESULTADO DA SELECCIÓN.** publicarase no Taboleiro de Editos Municipais da Sede Electrónica, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios si se considera oportuno.

## 7. ACTIVIDADES

As actividades terán diferente dificultade segundo a idade da/o nena/o. Chegado o momento da execución do proxecto, poden producirse axustes na programación debido á climatoloxía ou por incompatibilidade horaria, etc. Pero respetaranse as actividades programadas, aínda que se cambien os días.





- **DÍA DA PINTURA:** A pintura como a arte que é, proxectando diferentes imaxes de cadros famosos. A continuación, poderán realizar o seu propio cadro representando o que queiran (unha paisaxe, un obxecto, unha cara...).
- **DÍA DA LITERATURA:** Literatura coma a arte que nos permite expresar e percibir sentimentos e emocións a través das letras. Leremos un conto, interpretaremos un conto coas marionetas e escribiremos un conto.
- **DÍA DA FOTOGRAFÍA:** Falaremos da historia da fotografía, como eran as primeiras cámaras e como foron evolucionando. Despois, as nenas e nenos poderán tomar fotos con diferentes cámaras (reflex, térmicas de impresión instantánea, cámaras do teléfono).
- **DÍA DO CINE:** Falaremos de cómo era o cine nos inicios en branco e negro, mudo... e como foi evolucionando ata ter os efectos especiais que vemos hoxe en día. Despois grabaremos un pequeno vídeo interpretando unha historia.
- **DÍA DA MÚSICA E A DANZA:** Falaremos da música como unha arte que nos transmite moitas emocións facéndonos pasar da tristura á alegría en pouco tempo. Poremos en práctica diferentes danzas (contemporánea, moderna, clásica, popular...)

## **8. RECURSOS HUMÁNS:**

O equipo estará formado por monitoras con titulacións acreditables relacionadas có eido da educación infantil e a integración social. Serán técnicas superiores en educación infantil, graduadas en educación infantil, técnicas Superiores en integración social, Animadoras socioculturais, monitoras de ocio e tempo libre, entre outras titulacións.

## **9. TEMPORALIZACIÓN: CALENDARIO E HORARIO**

O proxecto desenvolverase do 1 ao 5 de xullo en horario de 09:00h a 14:00h. Podendo ter opción de aula matinal de 08:00 a 09:00.





## 11. METODOLOXÍA

A metodoloxía será aberta, participativa e flexible integrando a perspectiva de xénero e atendendo aos intereses das e dos menores e as súas motivacións. Terá compoñentes lúdicos, divertidos, dinámicos e igualitarios, creando un ambiente seguro e afectivo, sen discriminacións, que fomente, ao mesmo tempo, a cooperación.

Potenciarase en todo momento a autoaprendizaxe e o traballo en equipo tratando así de promover un clima de cooperación e colaboración entre todas as nenas e nenos do grupo, para favorecer unha maior interacción relacional e promover a socialización como valor imprescindible do crecemento persoal e, máis concretamente, educativo das e dos menores.

A pesar de realizar actividades en grupo a metodoloxía partirá do ritmo individual de cada unha das nenas e nenos en todas as actividades, dinámicas, xogos e técnicas empregadas. As actividades adaptaranse ás diferentes idades das e dos participantes, tendo en conta as súas inquiredanzas persoais, emocións, gustos...

Doutra banda, a creación de normas que regulen o comportamento das nenas e nenos é un alicerce básico para o óptimo desenvolvemento do campamento. Estableceranse unhas normas que proporcionen seguridade tanto as nenas e nenos como as monitoras e monitores. Elaboraranse en grupo, para que todas e todos estean de acordo, e sexan conscientes de que non son normas impostas, senón necesarias para a harmonía do grupo.

Ditas normas quedarán situadas á vista de todas e todos e ademais serán repasadas en grupo cando as condicións e situacións o requiran.

No que se refire á organización do ambiente de aprendizaxe: en todo momento tratarase de crear un ambiente estimulante e ordenado, de forma que as nenas e os nenos se sintan seguros.





## 12. PERSOAL

- Equipo técnico dos Servizos Sociais do Concello de As Neves.
- Persoa coordinadora da empresa contratada.
- Equipo de monitoras e/ou monitores, un deles con funcións de coordinación.

O persoal encargado da execución do campamento posúe os requisitos de titulación e formación requiridos, debendo ter acreditado formación suficiente en materia de xénero e igualdade para contribuír, no desenvolvemento do seu labor, á ruptura de roles e estereotipos asignados en función do sexo, comprometéndose a cumprir o deber de segredo e confidencialidade sobre os datos ou información dos que teñan coñecemento durante a execución do contrato de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

## 13. RECURSOS MATERIAIS

A empresa achegará os recursos materiais necesarios para a execución das actividades propostas. Contarase con: Tixeiras, goma eva, cartolina, pegamento, lápices, gomas, pinturas, folios, plumas, vasos de cartón, pinceis, regras, grapadoras, rotuladores, bolígrafos, ceras de cores, etc.

Para os XOGOS POPULARES E TRADICIONAIS: o Sacos, corda, ovos, pinzas, carozos, globos, paracaídas, cintas, etc.

Para os XOGOS DEPORTIVOS: Balóns, raquetas, rede, pelotas, etc.

## 14. PREZO :

A actividade é gratuíta.

O ALCALDE-PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL ALFONSO GONZÁLEZ

(documento asinado dixitalmente na marxe)





## FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN NA SEMANA DE ACTIVIDADES ARTÍSTICAS

DATOS DA NENA/O		
NOME	1º APELIDO	2º APELIDO
DATA DE NACEMENTO		

DATOS NAI/PAI/TITOR LEGAL		
NOME	1º APELIDO	2º APELIDO
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	

ALERXIAS, INTOLERANCIAS, ENFERMIDADES OU COSAS QUE DESTACAR

PERSOAS AUTORIZADAS PARA RECOLLER Á NENA/O
1ª
2ª
3ª
4ª

AUTORIZA A QUE REALICEMOS SAÍDAS A PÉ POLA CONTORNA DO CENTRO			
SI		NON	

AUTORIZA A REALIZACIÓN DE TOMAS DE IMAXE PARA A SÚA POSTERIOR PUBLICACIÓN NAS REDES SOCIAIS E OUTROS MEDIOS DO CONCELLO			
SI		NON	

En As Neves, a ..... de Xuño de 2024

Asinado: NAI/PAI/TITOR/A LEGAL.....

**\*INDICACIÓNS PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES:**

- O DÍA DO INICIO DEBERÁN TRAER A FOTOCOPIA DA TARXETA SANITARIA
- TÓDOLOS DÍAS DEBERÁN TRAER ROUPA CÓMODA E QUE NON IMPORTE QUE SE ESTRAGUE
- TÓDOLOS DÍAS DEBERÁN TRAER MERENDA E BOTELLA DE AUGA

